

PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA

Milagros Varela Martínez

[PROGRAMACIÓN ANUAL CURSO 2019/2020]

ÍNDICE

| | |
|---|--------------|
| 1.INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2. COMPETENCIAS CLAVE | 3-6 |
| 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS | 6-7 |
| 4. TEMPORALIZACIÓN | 8 |
| 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS | 9 |
| 6.RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS | 10-11 |
| 7. AVALIACIÓN | 11-12 |

1.INTRODUCCIÓN

A programación que se presenta de seguido é un conxunto de actuacións destinadas a mellorar o proceso de ensino–aprendizaxe do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (neae). Trata de expoñer a axuda que se dispensa dende o centro ó devandito alumnado para o presente curso académico 2019-2020 por parte da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.

Neste proceso debe participar toda a comunidade educativa. Trátase dunha tarefa en equipo con responsabilidades compartidas onde están implicados dende o profesorado do centro ata a comunidade educativa en xeral.

A mestra de Pedagogía Terapéutica intégrase no Departamento de Orientación e realiza as funcións recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria na nosa Comunidade Autónoma, no Decreto 120/1998, do 23 de abril, onde figuran aquelas funcións que desempeña como membro do Departamento de Orientación e na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional regulada polo Decreto 120/1998.

Para a elaboración desta programación hai que ter en conta as peculiaridades do centro que se recollen no Proxecto Educativo.

2. COMPETENCIAS CLAVE

Coa presente programación agárdase contribuír ó desenvolvemento das seguintes competencias clave.

- *Competencia en comunicación lingüística.* Abordaremos a diversidade da linguaxe e da comunicación en función do contexto, as diversas funcións da linguaxe, as principais características dos distintos estilos e rexistros da lingua, o vocabulario e a gramática. Perseguiremos a correcta expresión de forma oral en múltiples situacións comunicativas, a comprensión de diversos tipos de textos (procura, recompilación e procesamento da información); a expresión de forma escrita en múltiples modalidades, formatos e soportes; e a escoita con atención e interese, controlando e adaptando a resposta ós requisitos da situación. Fomentaremos o diálogo crítico e construtivo, o recoñecemento do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, o interese pola interacción cos demais e a consciencia da repercusión da lingua noutras persoas.
- *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.* Abordaremos as representacións matemáticas e a linguaxe científica, os sistemas biolóxicos, os sistemas físicos, os sistemas da Terra e do Espazo, os sistemas tecnolóxicos, a investigación científica, os termos e conceptos matemáticos, a xeometría, a estatística, a álgebra, diferentes sistemas de medida e os números. Perseguiremos a aplicación dos principios e procesos matemáticos nos diversos contextos, a análise dos gráficos e representacións matemáticas, o uso de datos e procesos científicos, a toma de decisións baseadas nas probas e argumentos, a emisión de xuízos na realización de cálculos, o uso de expresións alxebraicas, a resolución de problemas e a utilización e manipulación de ferramentas e máquinas tecnolóxicas. Fomentaremos o respecto ós datos e a súa veracidade, a asunción dos criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía e o apoio á investigación científica valorando o coñecemento científico.
- *Competencia dixital.* Abordaremos os dereitos e os riscos no mundo dixital, a linguaxe específica (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora), as principais aplicacións informáticas e as diferentes fontes de información. Incentivaremos a utilización dos recursos tecnolóxicos para a comunicación e a resolución dos problemas; o uso e procesamento da

información de xeito crítico e sistemático; a procura, obtención e tratamento da información e a creación de contidos. Fomentaremos unha actitude activa, crítica e realista cara as tecnoloxías e os medios tecnolóxicos; a curiosidade e a motivación pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías; a valoración das fortalezas e debilidades dos medios tecnolóxicos e o respecto dos principios éticos do seu uso.

- *Aprender a aprender.* Abordaremos os procesos implicados na aprendizaxe (como se aprende), o coñecemento sobre o que un sabe e descoñece, o coñecemento da disciplina e do contido concreto de cada tarefa e o coñecemento sobre distintas estratexias para afrontar tarefas. Incidiremos nas estratexias de planificación de resolución de tarefas, as estratexias de supervisión das accións que os alumnos estean a desenvolver, as estratexias de avaliación do resultado e do proceso levado a cabo. Fomentaremos a motivación pola aprendizaxe, a necesidade e a curiosidade pola aprendizaxe, o sentirse protagonista do proceso e do resultado da aprendizaxe e a percepción de auto-eficacia e confianza en un mesmo.
- *Competencias sociais e cívicas.* Abordaremos a comprensión de códigos de conduta aceptados en distintas sociedades e contornas; a comprensión dos conceptos de igualdade, non discriminación entre homes e mulleres, diferentes grupos étnicos ou culturais, a sociedade e a cultura; a comprensión das dimensións interculturais e socioeconómicas das sociedades europeas e a comprensión dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos. Potenciaremos a capacidade de comunicarse de xeito construtivo en distintas contornas e a tolerancia, a manifestación da solidariedade e interese pola resolución de conflitos, a participación de xeito construtivo nas actividades da comunidade e a toma de decisións nos contextos locais, nacional ou europeo mediante o exercicio do voto. Fomentaremos o interese polo desenvolvemento socioeconómico e pola contribución pola maior benestar social, a disposición pola superación dos prexuízos e o respecto polas diferenzas, o respecto polos dereitos humanos e a participación na toma de decisións democráticas a todos os niveis.

- *Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.* Abordaremos a comprensión do funcionamento das sociedades e as organizacións sindicais e empresariais; o deseño e implementación dun plan; o coñecemento das oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais. Incentivaremos a capacidade de análise, planificación, organización e xestión; a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; a capacidade para comunicar, representar, presentar e negociar, de facer avaliación e auto- avaliación. Fomentaremos a actuación de forma creativa e imaxinativa, o autoconhecimento e autoestima, e a iniciativa, interese, proactividade e innovación tanto na vida privada, social e profesional.
- *Conciencia e expresións culturais.* Abordaremos a herdanza cultural (patrimonio cultural, histórico- artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, medioambiental...), os diferentes xéneros e estilos das belas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, cine, literatura, fotografía, teatro e danza), as manifestacións artístico- culturais da vida cotiá (vivenda, vestimenta, gastronomía, folclores, festas...) Perseguiremos a aplicación de diferentes habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e senso estético; o desenvolvemento da iniciativa, da imaxinación e da creatividade e a capacidade de empregar diferentes materiais e técnicas no deseño de proxectos. Fomentaremos o respecto do dereito á diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades; a valoración da liberdade de expresión e o interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

O obxectivo xeral desta programación é proporcionar atención ó alumnado con neae. Isto implica:

- Priorizar aquelas neae identificadas polo D.O. que se consideren máis graves.
- Levar a cabo medidas de atención á diversidade, curriculares e/ou organizativas, segundo as necesidades identificadas no centro.
- Prestar atención docente directa ó alumnado con neae que así o requira.
- Favorecer unha formación integral do alumnado logrando un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Desenvolver a adquisición de capacidades e aptitudes para lograr a integración social.
- Potenciar a súa aprendizaxe nos distintos espazos e momentos do contexto escolar para facilitar a adquisición de novos contidos curriculares e competenciais.
- Alcanzar un clima de diálogo, tolerancia e respecto entre todos os membros e órganos da comunidade escolar de cara ás neae do alumnado fomentando a información, comunicación e participación.
- Manter unha actitude de renovación pedagóxica constante.
- Colaborar co profesorado titor na avaliación do alumnado.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das ACS..
- Elaborar material orientativo para as familias e establecer contactos periódicos con elas.
- Coordinarse cos membros do DO para establecer liñas de actuación conxuntas.
- Asesorar e colaborar co resto do profesorado no referente á atención á diversidade.

5. TEMPORALIZACIÓN

O horario da mestra de P.T., sendo susceptible de posibles modificacións en función da evolución do alumnado e das necesidades que poidan ir aparecendo ó longo do curso, queda establecido do seguinte xeito:

| | Luns | Martes | Mércores | xoves | Venres |
|-------------|------|--------|----------|-------|--------|
| 9-9:45 | PT | PT | PT | PT | PT |
| 9:45-10:30 | PT | PT | PT | PT | PT |
| 10:30-11:15 | PT | PT | PT | PT | PT |
| 11:15-12 | PT | PT | PT | PT | PT |
| R | E | C | R | E | O |
| 12:30-13:45 | PT | PT | PT | PT | PT |
| 13:45-14 | PT | PT | PT | PT | PT |

O apoio nos contextos está pensado del tal xeito que a mestra de PT apoia semanalmente ao alumnado na área de lingua (luns, martes e mércores) e na área de matemáticas (xoves e venres) dado que son as materias nas que o alumnado presenta máis dificultade.

Asemade, o apoio é realizado dentro da aula. Excepcionalmente, e se as circunstancias o requerisen, podería desenvolverse fóra.

6.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Esta programación segue unha liña de intervención baseada nos seguintes criterios:

- Principio de Normalización: entendido como a utilización de medios o máis normativos posibles.
- Principio de Inclusión: plena incorporación da persoa no grupo ó que pertence en todas as actividades escolares e extraescolares.
- Principio de Individualización: aténdese ás diferenzas individuais, xa que cada individuo é diferente, actuando e respondendo de forma diversa.
- Principio de Globalización: as programacións que se elaboren deben ter un carácter globalizado, a partir de problemáticas próximas ós alumnos.
- Planificación: previa avaliación, a nosa intervención debe estar planificada con obxectivos, contidos, competencias clave, actividades, temporalización, recursos e avaliación.
- Curricularidade: necesidade de que á hora de dar apoio teñamos en conta o currículo da etapa na que está escolarizado o suxeito.

- Coordinación: é necesaria unha boa coordinación entre o profesorado de apoio (P.T. e A.L.) cando atenden ó mesmo alumnado. Así mesmo, requírese a coordinación entre o titor/a, a familia, profesorado implicado no proceso de E-A e, se fose preciso, profesionais externos ó centro.
- Prevención: é esencial para evitar ou minimizar os posibles problemas posteriores.
- Socialización: a intervención será sobre o alumno e sobre o medio social que inflúe na mellora do mesmo. Preparar ó neno para integrarse cos demais compañeiros/as. A integración social é esencial, edúcase en sociedade e para a sociedade.

7. RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS

Para poder levar a cabo esta programación son necesarios unha serie de recursos persoais, materiais e organizativos.

❖ RECURSOS PERSOAIS: internos e externos ó centro.

Como recursos internos ó centro destacan os mestres titores, os especialistas de área (música, EF, lingua estranxeira e relixión), DO (Orientadora e especialistas en PT e AL) e auxiliar técnico educativo.

Como externos ó centro resaltan o Equipo de Orientación Específico, os equipos de Atención Temperá, o traballador social e a familia.

❖ RECURSOS MATERIAIS:

Os recursos materiais que se empregan neste centro pódense dividir en recursos impresos, audiovisuais ou informáticos. Entre os primeiros podemos destacar os libros de texto ou de consulta.

Dentro dos audiovisuais destacan: DVD, reportaxes en youtube, o cine, televisión e medios audiovisuais.

E, como recursos informáticos, está o ordenador como principal ferramenta de traballo por medio de Internet.

Ademais destes, destacan os recursos específicos que fan referencia aos materiais adaptados para os alumnos e alumnas en función das súas necesidades. Os recursos materiais a empregar serán o máis variados posible fomentando en cada momento a participación activa do alumnado. Procurarase, en cada caso, traballar co material que mellor se adapte ás características persoais de cada alumno/a: ao seu ritmo de aprendizaxe, aos seus gustos e preferencias, ao seu estilo cognitivo, etc. Nalgúns casos procederase á elaboración de material específico para responder ás necesidades do noso alumnado, así como material necesario para asesorar os distintos profesionais que o requiran.

❖ RECURSOS ORGANIZATIVOS:

En relación ós recursos organizativos dicir que neste centro todos os espazos son considerados lugares onde se pode dar un proceso de ensino-aprendizaxe. Un aspecto importante a destacar é a biblioteca escolar onde o alumando pode atopar moitos recursos didácticos para a súa utilización, dende libros de texto/consulta ata ordenadores para usar no momento que se considere oportuno. A metodoloxía empregada propicia que existan diferentes recunchos de aprendizaxe na mesma aula. En infantil e en 1º e 2º nivel de primaria trabállase por proxectos, de tal xeito que dentro da aula se levan a cabo 4/5 minicontextos (recunchos) ó mesmo tempo e de 3º a 6º de primaria trabállase por contextos (matemático, científico, humanístico e lingüístico) favorecendo tamén que se dean diferentes espazos (recunchos) nas aulas.

8. AVALIACIÓN

Enténdese por avaliación a escolla continuada da información necesaria para determinar os recursos máis axeitados para o desenvolvemento do proceso de E-A e para axustar a acción educativa ao longo do proceso. Non se fala só de avaliación do alumno, senón de todo o proceso educativo.

No relativo ao alumnado, a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. Ademais, estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Os centros deberán adecuar os criterios de avaliación do currículo oficial en función das características do alumnado e do contexto. A adecuación dos criterios de avaliación ó alumnado con neae debe gardar relación coas adecuacións realizadas en obxectivos e contidos.

A avaliación será inicial (para determinar os coñecementos previos do alumnado), continua (ao longo do proceso educativo para poder ir adecuándoo segundo as necesidades do alumno) e final (para coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos).

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo en calquera momento e tan pronto como se detecten as dificultades. Esta medida estará dirixida a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar co proceso educativo.

En San Miguel de Deiro, a 25 de setembro do 2019

Mestra de Pedagogía Terapéutica

Asdo: Milagros Varela Martínez